



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello

**Día:** 2 de outubro de 2014

**Hora de comezo:** 13.40 h

**Hora de remate:** 14.10 h

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera

Don Manuel Mouriño Varela

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da Casa do Concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Concesión axuda emerxencia social**
- 3. Licenzas urbanísticas**
- 4. Recoñecemento trienios**
- 5. Xeracións de crédito**
- 6. Aprobación de facturas**
- 7. Xustificación subvención “Promoción da lingua galega ás entidades locais de Galicia”**
- 8. Xustificación subvención “Contratación socorrista para á piscina municipal” 2014**
- 9. Inicio contratación urxente para clases de inglés**
- 10. Clasificación das ofertas para adquisición dun rider**
- 11. Liquidación achegas 2013 e estimación 2014 do transporte metropolitano**
- 12. Rogos e Preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de setembro de 2014.

### **2.Concesión axuda emerxencia social**

Visto o informe da traballadora social, no que propón que a dona María xxxxx, veciña da parroquia de Oural, se lle conceda unha axuda económica de pago único por emerxencia social e por importe de 800 euros, para facer fronte as necesidades relacionadas coa súa alimentación, vestido, gastos de subministracións de vivenda e material escolar das menores,

A Xunta de Goberno acorda:

**1.-** Concederlle a dona María xxxxx, co DNI xxxxx, veciña do lugar de xxxxx, parroquia de Oural, unha axuda económica por emerxencia social de pago único, e por importe de **800 €**, para facer fronte as necesidades relacionadas coa súa alimentación, vestido, gastos de subministracións de vivenda e material escolar das menores.

Dita axuda farase con cargo á subvención da Deputación da Coruña de “axudas económicas para colectivos excluídos ou en risco de exclusión social”.

**2.-** O importe desta axuda será ingresada, directamente no número de conta bancaria da solicitante, indicado no informe social, logo de xustificar o seu gasto a través da presentación no departamento de Servizos Sociais da documentación pertinente (tickets, facturas etc).

**3.-** Dar conta deste acordo á Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

**4.-** Notificar este acordo á interesada.

### **3.Licenzas urbanísticas**

A) Concesión de licenza de apertura e inicio de actividade dun restaurante, na planta baixa dunha vivenda existente en Ardesende – Codeso. Expte.: 13/2262

#### Antecedentes:

Na Xunta de Goberno Local con data do 3 de abril de 2014 acordouse conceder a Marta xxxxx, a licenza municipal de obras e actividade para realizar as obras de acondicionamento da planta baixa nunha vivenda existente para restaurante, emprazado no lugar de Ardesende, na parroquia de Codeso, e coas condicións establecidas na propia licenza.

Con data do 22 de xullo de 2014 (registro de entrada 14/1381), dona Marta xxxxx, con DNI xxxxx, presenta nestas dependencias municipais Comunicación Previa de inicio ou modificación de actividade. Coa mesma achégase Certificado Final de obra de data 25 de

xuño de 2014, visado e asinado polo arquitecto, don Carlos xxxxx, colexiado núm. 1421 de COAG, que inclúe: Acta de replanteo e comezo de obra (16/05/2014), Acta de recepción de obra (25/06/2014), Relación de controis realizados e os seus resultados, e Memoria descriptiva con reportaxe fotográfica e plano de planta, co fin de solicitar a licenza de apertura, segundo procede neste expediente, para o inicio da actividade.

Con data do 26 de agosto de 2014, dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello, en base á visita de comprobación á obra executada con data do 26 de agosto de 2014, emite o **informe técnico favorable**, no que se fan constar as seguintes observacións:

*“Á vista da documentación presentada (proxecto e certificado final de obra), e realizada visita de comprobación pola técnica que asina o presente informe, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación.*

*En conclusión, realizada visita de comprobación á obra executada, considérase que as obras executadas axústanse á licenza de obra e actividade concedida.”*

Consta no expediente a xustificación do ingreso da liquidación dos dereitos municipais, que se corresponde pola licenza municipal de obra e actividade concedida, por importe de 1.142,79 €

Tendo en conta os antecedentes expostos e cumpridos os trámites esixidos, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Conceder a Marta xxxxx, con NIF xxxxx, a licenza municipal de apertura para o inicio da actividade dun Restaurante, emprazado na planta baixa dunha vivenda existente, no lugar de Ardesende, parroquia de Codeso, deste termo municipal, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros,

2.- Notificar este acordo á interesada.

B) Concesión de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar de Deseiro de Arriba, na parroquia de Sergude

#### Antecedentes:

Con data do 01/08/2014 (registro de entrada nº: 14/1434), por José xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e por Vanesa xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase un proxecto técnico, básico e de execución, asinado polo arquitecto David Montes Pose, colexiado nº: 3.534, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, situada no lugar de Deseiro de Arriba, na parroquia de Sergude, e emprazada urbanisticamente en Solo non Urbanizable de Núcleo Rural.

Con data do 26/08/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un **informe técnico, favorable condicional**, que obriga aos promotores a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 02/09/2014 (registro de saída nº: 14/798, de data do 04/09/2014), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento dos promotores o contido do informe técnico, e comunícaselles que deben presentar a documentación que se sinala neste.

Con data do 18/09/2014, (registro de entrada nº: 14/1715), os promotores do expediente, presentan unha documentación adicional, en base ao informe técnico de data do

26/08/2014. No dito expediente xustifícase un novo orzamento de execución material das obras, por importe de 107.984,14 €.

Con data do 25/09/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o **informe técnico favorable**, no que se corresponde coa normativa urbanística municipal, e para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 30/09/2014, o departamento de urbanismo informa: desde a entrada en vigor das N.S.M.P., foron concedidas 2 licenzas municipais para a construción de 2 vivendas unifamiliares illadas, no núcleo rural de Deseiro de Arriba (Sergude), polo que actualmente resultan autorizables **5 vivendas**, das 7 previstas nas Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento.

Con data do 30/09/2014, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa: o ingreso da taxa (con data do 06/08/2014), por importe de 61,62 €; o escrito de cesión de viais (artigo 171 da Lei 9/2002), de data do 17/09/2014; o Oficio de dirección de obra, do arquitecto David Montes Pose, colexiado nº: 3534; e o Oficio de dirección da execución de obra, do arquitecto técnico, Pedro Puentes Novo, colexiado nº: 467.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

#### **Primeiro:**

Conceder, a José xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e a Vanesa xxxxx, co DNI número: xxxxx, a licenza municipal de obras, para a “*construción dunha vivenda unifamiliar illada*”, sita no lugar de Deseiro de Arriba, na parroquia de Sergude, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

#### **a.-) Condicións particulares:**

01. Núm. do expediente: 14/1434
02. Promotores da licenza: JOSÉ xxxxx  
VANESA xxxxx
03. DNI dos promotores: xxxxx - xxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de Obras: CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA
06. Situación: DESEIRO DE ARRIBA – SERGUDE
07. Emprazamento: PARCELA CATASTRAL 15012C505003120000DU
08. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 € (abonada cm data do 06/08/2014)
09. Orzamento de execución material das obras modificado: 107.984,14 €
10. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 2.699,60 €
11. Técnico autor do proxecto: DAVID MONTES POSE. Arquitecto, col.: 3534
12. Dirección de obra: DAVID MONTES POSE. Arquitecto, col.: 3534
13. Dirección de execución da obra: PEDRO PUENTES NOVO. Arquitecto técnico, col.: 467
14. Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: SEIS MESES (desde a recepción desta licenza)
  - Para terminar as obras: TRES ANOS (desde a recepción desta licenza)

### **b.-) Condicións especiais:**

01. Antes do inicio das obras, deberán achegar o rexistro no INEGA, da certificación enerxética de proxecto.
02. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias e seguros correspondentes.
03. Deberase instalar un cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.
04. As obras deberanse axustar ao proxecto técnico presentado (visado con data 24/07/2014), e a documentación adicional (14/1715), e que serviu de base para a concesión desta licenza.

### **Segundo:**

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **2.699,60 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

### **Pago da liquidación:**

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta número: xxxxx- ABANCA (Lestedo - Boqueixón).

## **4.Recoñecemento trienios**

Dona María Rosario Canabal Vázquez, con NIF xxxxx, funcionaria do grupo C1

Dona Pilar Pazos Santasmarinas, con NIF xxxxx, funcionaria do grupo C2

Dona María Lourdes García Abeijón, con NIF xxxxx, funcionaria do grupo C12

Don Juan Manuel Corral Sánchez, con NIF xxxxx, funcionario do grupo C1

José María Souto Temes, con NIF xxxxx, funcionario do grupo AP

Dona Ana María Sanín de la Torre, con NIF xxxxx, persoal laboral fixo

Dona Isabel Serto Fernández, con NIF xxxxx, persoal laboral fixo

Dona Rocío Vázquez Vecino, con NIF xxxxx, persoal eventual

Dona Montserrat González Bueno, con NIF xxxxx, persoal eventual

Dona Arlette Aimee Freire, con NIF xxxxx, persoal eventual

Dona Begoña Aldrey Neiro, con NIF xxxxx, persoal eventual

Dona Patricia Munín Brocos, con NIF xxxxx, persoal eventual

Dona Milagros López Pereira, con NIF xxxxx, persoal eventual

### **SOLICITAN:**

1. María Rosario Canabal Vázquez o recoñecemento ó oitavo trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de decembro de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

2. Pilar Pazos Santasmarinas o recoñecemento ó sétimo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de abril de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

3. María Lourdes García Abeijón o recoñecemento ó sexto trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de febreiro de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

4. Juan Manuel Corral Sánchez o recoñecemento ó sexto trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

5. José María Souto Temes o recoñecemento ó cuarto trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

6. Ana María Sanín de la Torre o recoñecemento ó quinto trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de febreiro de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

7. Isabel Serto Fernández o recoñecemento ó quinto trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de febreiro de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

8. Rocío Vázquez Vecino o recoñecemento ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

9. Monserrat González Bueno o recoñecemento ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

10. Arlette Aimee Freire o recoñecemento ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

11. Begoña Aldrey Neiro o recoñecemento ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

12. Patricia Munín Brocos o recoñecemento ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

13. Milagros López Pereira Vecino o recoñecemento ó segundo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Recoñecer a dona María Rosario Canabal Vázquez o dereito ó oitavo trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de decembro de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

- 2.Recoñecer a dona Pilar Pazos Santasmarinas o dereito ó sétimo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de abril de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 3.Recoñecer a dona María Lourdes García Abeijón o dereito ó sexto trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de febreiro de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 4.Recoñecer a don Juan Manuel Corral Sánchez o dereito ó sexto trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 5.Recoñecer a don José María Souto Temes o dereito ó cuarto trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 6.Recoñecer a dona Ana María Sanín de la Torre o dereito ó quinto trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de febreiro de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 7.Recoñecer a dona Isabel Serto Fernández o dereito ó quinto trienio do grupo AP, con efectos económicos a partires do día 1 de febreiro de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 8.Recoñecer a dona Rocío Vázquez Vecino o dereito ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 9.Recoñecer a dona Monserrat González Bueno o dereito ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 10.Recoñecer a dona Arlette Aimee Freire o dereito ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 11.Recoñecer a dona Begoña Aldrey Neiro o dereito ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 12.Recoñecer a dona Patricia Munín Brocos o dereito ó segundo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
- 13.Recoñecer a dona Milagros López Pereira Vecino o dereito ó segundo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de agosto de 2015, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

## 5.Xeracións de crédito

Visto o informe favorable emitido pola Secretaria-Interventora do concello, a Xunta de Goberno acorda realizar as seguintes xeracións de crédito:

Partida		Importe	Xustificada por
130	143.00	41.305,43 €	Resolución Xunta de Galicia dos programas de cooperación 2013.
	160.00	14.332,27 €	
453	212.00	1.385,83 €	Resolución da Deputación Exp: 2013049641 para saneamento en Codeso
	143.00	5.739,16 €	
	160.00	2.169,40 €	
453	143.00	6.758,86 €	Resolución da Xunta de Galicia para contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA.
	160.00	2.554,85 €	
453	143.00	8.632,55 €	Resolución da Deputación Programa DP0001 para cuadrillas de obras e servizos mínimos
	160.00	3.263,10 €	

## 6.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **29.124,52** euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

-Aprobación de facturas pendentes de pagamento:

Núm	Proveedor	Texto explicativo	Prog.	Econ.	Importe
1	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	Xanela de outono	334	22609	495,04 €
2	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	Carteis BoqueiSons	334	22609	163,35 €
3	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	Carpetas varias	920	22000	365,42 €
4	CIDE HCENERGIA, S.A.	consumo alumeado público Ponte 01/07-31/08	150	22100	285,17 €
5	CIDE HCENERGIA, S.A.	Consumo alumeado A Baiuca 01/07-31/08	150	22100	275,40 €
6	CIDE HCENERGIA, S.A.	Consumo alumeado Ledesma 01/07-31/08	150	22100	350,95 €
7	CIDE HCENERGIA, S.A.	Consumo alumeado a Granxola 27/06-25/08	150	22100	68,73 €
8	CIDE HCENERGIA, S.A.	Consumo alumeado Loureiro 27/06-25/08	150	22100	220,11 €
9	CIDE HCENERGIA, S.A.	Consumo alumeado Donas 01/07-25/08	150	22100	89,54 €
10	CIDE HCENERGIA, S.A.	Consumo alumeado Camporrapado 01/07-26/08	150	22100	238,84 €
11	CIDE HCENERGIA, S.A.	Consumo alumeado Devesa 01/07-26/08	150	22100	65,90 €
12	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	Honorarios correspondentes ao PXOM - aprob. inicial	920	22706	22.531,03 €
13	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	Gasolina maquinaria P.Civil	163	22199	92,49 €
14	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	Mantemento extintores 1º semestre 2014	920	21200	623,33 €
15	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	Reparación sistema de alarma CPI	320	21200	133,81 €
16	TALLERES SANCHEZ REY, S.C.	Lámpara farolillo, engrasadores, fio,...	163	22199	28,80 €
17	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	Verán activo - AQUAPARK	334	22300	594,00 €
18	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	Excursións Illas Ons	334	22300	350,00 €
19	VAZQUEZ FERNANDEZ, MARIA DEL CARMEN	Alimentos Escola Infantil mes de xuño	231	22199	408,87 €



20	VAZQUEZ FERNANDEZ, MARIA DEL CARMEN	Alimentos Escola Infantil mes de xullo	231	22199	263,21 €
			<b>TOTAL</b>		<b>27.643,99 €</b>

### Facturas domiciliadas

Núm	Proveedor	Texto explicativo	Prog.	Econ.	Importe
1	RICOH ESPAÑA S.L.U.	Mantemento fotocopiadores mes de setembro	920	21300	805,84 €
2	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Teléfono Escola Infantil mes de agosto	920	22200	47,40 €
3	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Fax concello mes de agosto	920	22200	49,16 €
4	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Centraliña concello mes de agosto	920	22200	481,26 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Alarma concello mes de agosto	920	22200	29,11 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Teléfono correos mes de agosto	920	22200	24,08 €
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Teléfono P. Civil mes de agosto	920	22200	29,14 €
8	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	Servizo de SMS	920	22200	14,54 €
			<b>TOTAL</b>		<b>1.480,53 €</b>
<b>TOTAL FACTURAS</b>					<b>29.124,52 €</b>

### 7.Xustificación subvención “Promoción da lingua galega ás entidades locais de Galicia”

Vista a Resolución do 8 de xullo de 2014 da Xefa de Servizo dona María Victoria Penas Murias na que se concede a esta entidade local unha subvención por un importe de 4.095 euros para o mantemento do servizo de promoción lingüística ó abeiro da Orde do 4 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (DOG. núm. 72 do 14 de abril).

A data límite para remitir os xustificantes é o día 15 de outubro de 2014.

Por todo isto a Xunta de Goberno acorda:

#### 1.-Aprobar a conta xustificativa na que se fai constar:

a) A toma de razón en contabilidade dos gastos totais que se lle imputan á subvención e cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, de acordo co previsto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, así como nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidade locais galegas.

b) Os conceptos e contías correspondentes ós gastos salariais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada na seguinte relación:

Nome e apelidos	Duración do contrato (meses) 2014	Custos Seguridade Social a cargo da empresa (A)	Custo Salario Bruto (B)	Custo total (A+B)	% xornada adicada o Servizo de Normalización Lingüística	Data e forma de pago de pagamento
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	XANEIRO	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	50% 936,96 €	Trans.bancaria: TC:28/02/2014 Nómina: 27/01/2014

PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	FEBREIRO	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	50% 936,96 €	Trans.bancaria: TC:31/03/2014 Nómina: 25/02/2014
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	MARZO	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	50% 936,96 €	Trans.bancaria: TC:30/04/2014 Nómina: 26/03/2014
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	ABRIL	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	50% 936,96 €	Trans.bancaria: TC:30/05/2014 Nómina: 25/04/2014
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	MAIO	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	936,96 €	Trans.bancaria: TC:30/06/2014 Nómina: 26/05/2014
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	XUÑO	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	50% 936,96 €	Trans.bancaria: TC:31/07/2014 Nómina: 25/06/2014
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	PAGA EXTRA DE XUÑO	-----	1.441,89 €	1.441,89 €	50% 720,95 €	Trans.bancaria: Nómina: 25/06/2014
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	XULLO	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	50% 936,96 €	Trans.bancaria: TC: 29/08/2014 Nómina: 25/07/2014
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	AGOSTO	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	50% 936,96 €	Trans.bancaria: TC: 30/09/2014 Nómina: 25/08/2014
PILAR PAZOS SANTASMARINAS DNI. xxxxx	SETEMBR O	425,55 €	1.448,37€	1.873,92 €	50% 936,96 €	Trans.bancaria: TC: a mes de vengado. Nómina: 25/09/2014
<b>Total</b>				<b>18.308 €</b>	<b>9.154 €</b>	

Os conceptos de gasto efectuado no salario recóllense na memoria explicativa de actividades que se anexa na documentación xustificativa.

c) Non hai outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada do Servizo de Normalización Lingüística.

d) A traballadora Pila Pazos Santasmarinas, con DNI. xxxxx e NAF. xxxxx, presta os seus servizos como funcionaria dende o no 2001 na categoría profesional de Auxiliar Administrativo correspondente ó grupo de cotización na Seguridade Social núm. 7. A citada traballadora é persoal do Servizo de Normalización Lingüística en réxime de media xornada.

e) O Servizo de Normalización Lingüística foi creado no Concello de Boqueixón no ano 1999 e leva dende ese ano funcionando ininterrompidamente, atopándose en funcionamento na data de publicación da convocatoria ó abeiro da Orde do 4 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (DOG. núm. 72 do 14 de abril de 2014).

**2.-** Comunicar este acordo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

## 8.Xustificación subvención “Contratación socorrista para á piscina municipal” 2014

No Boletín Oficial da Provincia do 24 de febreiro de 2014,número 37, saíu publicada a convocatoria “do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia durante o exercicio 2014”.

Na Xunta de Goberno ordinaria que tivo lugar o día 3 de abril de 2014 adoptouse o acordo de solicitar dita subvención para a contratación de un socorrista para a piscina municipal na tempada de verán , e por resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña do 06/06/2014, concedeuse unha subvención de 2.823,00 €, pola contratación dun socorrista para o ano 2014

O Concello de Boqueixón programa todos os veráns a apertura da piscina municipal ó público así como unha programación de actividades (Verán Activo, cursos de natación de nenos e de maiores) para o que é preciso dispor dun socorrista que colabore co persoal municipal garantindo a seguridade e cumprindo a normativa vixente deste tipo de instalacións.

Tendo cumpridos os requisitos necesarios esixidos para a xustificación da subvención da Deputación da Coruña a Xunta de Goberno acorda:

1.Aprobar e imputar a seguinte relación clasificada de gastos realizados ao traballador Alberto xxxxx, con DNI xxxxx , á subvención concedida pola Deputación da Coruña.

Tipo	Forma de Pago	Total dev.	S.S.	Total gastos
Nómina	Transferencia Bancaria o 25/06/14	375,92	128,19	504,11
Nómina	Transferencia Bancaria o 25/07/14	1.127,78	384,57	1.512,35
Nómina	Transferencia Bancaria o 25/08/14	1.127,78	384,57	1.512,35
			<b>TOTAL</b>	<b>3.528,81</b>

2.O importe que se xustifica é de 3.528,81 €.

3.Que o gasto xustificado deste xeito presentado, e obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no libro de contabilidade da entidade segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro,xeral de subvencións e no apartado 7.2 das bases reguladoras das convocatorias de subvencións da Deputación.

4. Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para a que foi concedida neste caso a contratación dun socorrista.

5. Aprobar a memoria xustificativa da actividade realizada.

6.Que para o mesmo obxecto non se obtiveron subvencións ou calquera outra fonte de financiamento,de calquera outra entidade tanto pública ou privada.

7.Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades (contratación de un socorrista) para as que foi concedida.

## **9. Inicio contratación urgente para clases de inglés**

Desde hai varios anos, o Servizo de Cultura e Educación deste concello, oferta na revista municipal que sae publicada coincidindo con cada estación, a actividade de inglés para que tódolos veciños e interesados poidan acceder ó aprendizaxe desta lingua. Son varios grupos con diferentes horarios os que conforman a actividade, dependendo do seu nivel de coñecementos.

Tendo en conta que a actividade, debido á gran demanda, se pensa seguir realizando, convén iniciar a contratación do servizo por procedemento negociado.

Na Xunta de Goberno realizada o día 4 de setembro, aprobáronse as bases e prezos das actividades incluídas na Xanela de outono 2014, onde se atopa incluída a actividade da que estamos a falar. Dentro das bases establécese que a duración será de outubro (primeira semana) a maio (última semana) e o prezo que cada alumno debe aboar é de 20 euros/mes ata secundaria e de 25 euros/mes os adultos, que o ingresarán na conta do concello.

Debido a que o procedemento de contratación se inicia xusto na semana onde tiñan que comezar as clases, e debido a que os participantes xa fixeron a súa inscrición e para non causar prexuízo os alumnos, procede a declaración de urxencia na tramitación do expediente.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Declarar a urxencia da tramitación deste expediente baseándose en razóns de interese público ó ter os asistentes realizada a correspondente inscrición e ter que o servizo comezar a primeira semana de outubro.

2 Iniciar a contratación polo procedemento negociado sin publicidade do servizo de impartición de clases de inglés, de acordo co prego de cláusulas aprobado para o efecto.

3 Aprobar o seguinte prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de impartición de clases de inglés:

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN URGENTE DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE CLASES DE INGLÉS**

#### **Obxecto do contrato**

A adxudicación do servizo de clases do idioma inglés dirixido a diferentes colectivos divididos en grupos segundo o nivel de coñecemento da lingua. O servizo posibilita a aprendizaxe da lingua e o acceso á obtención da titulación de Cambridge internacionalmente recoñecida.

As clases comezarán no mes de outubro, e finalizarán no mes de maio. O calendario coincidirá co do curso académico salvo a excepción do remate das clases.

O servizo prestarase nas aulas que o concello porá a disposición do contratista.

CPV de referencia: 80000000-4 Servizos de ensinanza e formación

### **Presuposto máximo de licitación**

O prezo de máximo de licitación será de VINTE E OITO EUROS (28 €) hora lectiva, IVE exento. Incluirase nesta cantidade o material necesario do/a docente.

O valor estimado do contrato ascende a CINCUENTA E CINCO MIL EUROS, que comprende a duración de UN ANO de contrato e a posibilidade de 3 anos máis de prórroga, incluíndo a valoración do custo do material que precisa o/a docente para un total anual de horas lectivas estimadas de 480 horas.

### **Prazo de execución**

O prazo de execución será de 1 ano prorrogable por outros 3. A prórroga acordarase polo órgano de contratación, cun mes de antelación á finalización da súa duración inicial ou da prórroga correspondente, no seu caso; e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

### **Dirección dos servizos**

A dirección dos servizos corresponde ó Concello de Boqueixón, que designa como responsable do contrato ó Servizo de Contratación e ó Servizo de Cultura e Educación.

As súas funcións serán: interpretar o prego e demais condicións técnicas establecidas no contrato e nas disposicións oficiais, sen prexuízo das facultades que corresponden ó órgano de contratación.

Esixir os medios e a organización necesarios para a prestación das actividades en cada unha das fases.

Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.

Propor as modificacións que conveña introducir para o bo desenvolvemento do contrato.

Tramitar cantas incidencias xurdan durante o desenvolvemento do contrato.

### **Revisión de prezos**

A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, cando o contrato se tivera executado alomenos nun 20% do seu importe e teña transcorrido un ano dende a súa adxudicación, data que se tomara como referencia a fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos, tendo en conta o establecido no artigo 91.3 do TRLCSP.

Dita revisión de prezos levarase a cabo de conformidade co establecido nos artigos 89 e seguintes do TRLCSP, aplicando ao prezo inicial a variación experimentada polos incrementos ou diminucións do IPC dos últimos doce meses publicado polo INE, sen que, non obstante, a revisión poida superar o 50% de variación experimentada polo índice adoptado.

### **Forma e procedemento de adxudicación**

O contrato adjudicarase por urxencia, mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que se cumpren as condicións previstas no art. 174 do TRLCSP. No caso de urxencia, segundo o art. 112 do TRLCSP, os prazos reduciranse á metade.

Publicarase a información no perfil do contratista [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

### **Capacidade para contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas en algunha das circunstancias que enumera o art. 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a solvencia económica, financeira e técnica e que contén coa acreditación oficial, outorgada polo organismo oficial ou homologado, que xustifique a capacidade e habilitación profesional do empresario/a como examinador/a e/ou preparador/a oficial de Cambridge cunha antigüidade mínima de 3 anos.

### **Proposicións : Lugar e prazo de presentación**

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do concello, dentro do prazo de cinco días naturais, contados dende o día seguinte ao da recepción da invitación cursada para participar no proceso de contratación, en horas de nove a catorce e en tres sobres pechados, lacrados e/ou precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos nas seguintes cláusulas

#### **Forma.**

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentaran tres sobres: **SOBRE A** (documentación xeral) e **SOBRE B** (documentación técnica), **SOBRE C** ( oferta económica) do seguinte xeito:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se e o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

As indicacións de **SOBRE A**, **SOBRE B** e **SOBRE C** respectivamente, deberán figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constará a lenda:

**“Proposición para tomar parte na contratación do servizo: (deberase indicar neste espazo a denominación do contrato)”**.

Cando se utilice o sistema de envío por correo, a presentación de proposicións poderá realizarse a calquera hora do último día de prazo. Neste caso o licitador debera xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telex, fax (981 513 000) ou telegrama en calquera momento antes de expirar o día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se e recibida polo devandito órgano de contratación con

posterioridade a data na que remata o prazo para presentar as solicitudes. Transcorridos os 10 días naturais seguintes a indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de proposicións coincida en domingo ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

A presentación da proposición presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

Toda a documentación presentárase en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **12.4.- Documentación.**

##### **· Sobre A: Subtitulado “Documentación xeral”.**

No sobre A figurara a seguinte documentación:

- Declaración responsable nos termos do Anexo I deste prego, debidamente cuberta e asinada.

- No seu caso, autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación.

Axustarase ao modelo establecido no **Anexo III**.

- No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles debera cubrir o **Anexo I**, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figuraran:

a) o nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen

b) a participación de cada un na unión a constituír

c) a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato

d) o representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo

- No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

##### **· Sobre B: Subtitulado “Documentación técnica e económica”**

No sobre B figurara a seguinte documentación:

B.1) Documentación técnica.

Incluirase a seguinte documentación:

Programa detallado no que se describan o método que se vai a desenvolver nas clases para ver os obxectivos que se van acadar.

Relación de medios persoais ( acreditando cualificacións persoais) e materiais que a empresa se compromete a poñer a disposición do concello para o cumprimento do contrato. Serán obxecto de máis valoración as empresas que dispoñan dun maior número de docentes con nivel de idioma nativo.

##### **Sobre C: Subtitulado “Oferta económica”**

Incluirase a proposición económica, que se axustará ao modelo establecido que se achega como **Anexo II** deste prego.

### **Garantía provisional**

De acordo co disposto no art. 103 do TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

### **Garantía definitiva**

O licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa, no prazo de 5 días hábiles contados desde que se reciba a o requirimento que lle envíe o órgano de contratación, deberá depositar a garantía definitiva polo importe do 5% do prezo de adxudicación en calquera das formas sinaladas no art. 96 do TRLCSP.

### **Documentos, orixinais e copias**

Os documentos que acompañen ás propostas terán que ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue.

### **Apertura de plicas e adxudicación**

O órgano de contratación comprobará a documentación do sobres 1 e posteriormente abrirá o sobre 2 no que se analizarán as referencias técnicas e se realizará o correspondente informe.

### **Valoración dos criterios de adxudicación excepto o factor prezo**

Para a valoración das ofertas emitirase un informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación á vista da documentación incluída no sobre 2 e de acordo cos seguintes criterios de puntuación:

Fase I - Criterios non avaliados mediante fórmulas

Metodoloxía e procedementos de traballo.....20 puntos

Maior nº de docentes con nivel de idioma nativo.....20 puntos

Fase II- Oferta económica

Ata 60 puntos

Para a valoración da oferta económica terase en conta a fórmula utilizada pola Deputación da Coruña segundo convenio suscrito coa Universidade de Santiago a través da facultade de Matemáticas.

### **Clasificación de ofertas e requirimento de documentación**

O órgano de contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá ao



licitador que tivese presentado a oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

1.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de personalidade xurídica do empresario:

a) Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.

b) Persoas xurídicas: será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro publico que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

c) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: a capacidade de obrar acreditarase pola súa inscrición nos rexistros procedentes de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, que se indican no Anexo I do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

d) Empresas non comunitarias: deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades as que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector publico asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

2.- Documentación que acredite a representación de quen asina a proposición en nome de outro:

a) DNI do asinante ou documento que regulamentariamente o substitúa.

b) Si o representado fose unha persoa física, escritura de poder notarial outorgada.

c) Si o representado fose unha persoa xurídica, escritura de constitución, ou de modificación de acordos sociais, inscritas no Rexistro Publico correspondente, nas que figuren os particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro Mercantil, ou no seu caso, no rexistro publico que corresponda.

d) Dilixencia de bastanteo de poderes expedida polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello, que valore como suficiente a documentación anterior para que o asinante poda actuar en representación do licitador. Xunto coa dilixencia de bastanteo debéra de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.

3.- Declaración responsable de que a empresa interesada non esta incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

**Exención de presentar a documentación relacionada nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula sempre que o licitador se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, tendo en conta o seguinte:**

**- O adxudicatario presentará a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.**

**- O adxudicatario que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañará unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).**

**En todo caso o licitador deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores, segundo o modelo que figura como Anexo V ao presente prego. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrados farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.**

#### 4.- Documentación acreditativa das solvencias esixidas:

a) A solvencia económica e financeira debera probarse a través de algún ou varios dos medios relacionados no artigo 75 do TRLCSP modificado pola Lei 25/2013 de 28 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

b) A solvencia técnica ou profesional debera acreditarse mediante unha relación selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 5 anos que inclúa a descrición do obxecto dos ditos traballos, o importe, datas e beneficiarios públicos ou privados deles.

Os servizos ou traballos acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do licitador.

Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente a presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos.

5.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O adxudicatario non terá que aportar estas certificacións en caso de ter presentado dentro do SOBRE A a autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación, debidamente cuberta. Neste último caso, esta documentación será obtida de forma directa polo órgano de contratación en base a devandita autorización.

(A inexistencia de débedas pendentes co Concello de Boqueixón será comprobada de oficio polo Departamento correspondente).

6.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas: orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente; ou orixinal ou copia compulsada do ultimo recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matricula do mesmo; ou, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

7.- A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fose procedente.

8.- Escritura publica de constitución da Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivese tal condición.

9.- No seu caso, documentación acreditativa da efectiva disposición de medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir a execución do contrato, de conformidade co disposto no artigo 64.2 do TRLCSP.

10.- Documentación xustificativa da existencia dun contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra a produción de danos ou prexuízos de calquera índole (persoais ou materiais) que se deriven da prestación do servizo contratado: póliza e recibo acreditativo da súa vixencia.

De conformidade co disposto no artigo 151.2 paragrafo 3o do TRLCSP, de non presentarse a documentación na forma e prazo establecidos, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60.2.d) do TRLCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recadar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

## **Adxudicación**

O órgano de contratación debera adxudicar o contrato dentro dos 3 días hábiles seguintes a data de recepción da documentación a que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse a súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

## **Formalización do contrato**

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos oito días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adxudicación aos licitadores. Dito documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro publico. Non obstante, o contrato

formalizarse en escritura publica cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución debера aportarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, salvo nos supostos de tramitación de emerxencia.

Unha vez formalizado o contrato, comunicarse ao Rexistro Publico de Contratos a que se refire o artigo 333 do TRLCSP.

### **Resolución do contrato**

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos arts. 223 e 308 do TRLCSP, así como as seguintes:

A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa administración.

A obstrución ás facultades de dirección e inspección da administración.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, mediante procedemento tramitado de xeito reglamentario.

Nos casos de resolución por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía e deberá , ademáis, indemnizar á administración dos danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

### **Pagamento ó contratista**

O pago do servizo realizarase posteriormente á aprobación das correspondentes facturas polo órgano competente.

As facturas deberan de cumprir os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e coa demais lexislación vixente para o efecto. A administración debera aboar o importe das facturas dentro do prazo de trinta días.

## **Anexo I**

### **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS**

DON/DONA.....  
con domicilio en ..... CP....., provisto  
de D.N.I. no ..... en nome propio ou en nome e representación de  
.....

**SINALA** como datos do/a licitador/a os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación social.....  
NIF.....telefono .....  
fax.....correo electronico.....  
Enderezo para notificacións.....

**MANIFESTA** a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....

**SOLICITA** que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, e esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.

3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.

5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.

6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

- Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.

- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Boqueixón, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o no de rexistro):

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº .....

- Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº .....

- Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº .....

- Outros:.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atoparse incurso no suposto.....

(indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou

estar integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):

1.....

2.....

3.....

4.....

5.....

6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sometese a xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de

modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se e o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).  
Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

## Anexo II

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.....  
con domicilio en ..... CP....., provisto  
de D.N.I. no ..... en nome propio ou en representación de  
....., CIF nº .....,  
sabedor das condicións e requisitos que se esixen para concorrer a licitación e adxudicación do  
contrato de .....

#### **DECLARA:**

1º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que lle serven de base a convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome .....

(propio ou da empresa a que representa) a cumprir o contrato coa estrita suxeición aos documentos citados de acordo coa seguinte oferta económica

Importe: ..... €/hora

(Ive exento)

3º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

## Anexo III

### AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

DON/DONA.....  
con D.N.I..... telefono .....  
e domicilio na rúa.....  
no..... piso..... C.P..... provincia.....  
en nome propio eu representación da empresa.....  
con NIF..... teléfono .....  
a que representa no procedemento de adxudicación do contrato de ....  
.....

**AUTORIZA** a administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

Lugar, data e sinatura do proponente.

#### **4 Solicitar ofertas ás seguintes empresas:**

El Centro Británico  
C/ Ramón Cabanillas, 10 – baixo  
15701 Santiago de Compostela

Academia Harris English Studies  
C/ Hórreo, 37 – 1ªA  
15701 Santiago de Compostela

A Casa das Linguas  
C/ Luis Freire, 2  
15707 Santiago de Compostela

Piccadilly School of English, SL  
R/ das Orfas, 15 – 2º  
15703 Santiago de Compostela

#### **10. Clasificación das ofertas para adquisición dun rider**

Na Xunta de Goberno do día 18 de setembro de 2014 acordouse solicitar a 3 empresas capacitadas, presuposto para a compra dun Rider que subvenciona a Consellería de Presidencia para o proxecto denominado “Protección e conservación do ambiente”.

O importe solicitado para a súa adquisición foi de 9.851,22 euros, a consellería concedeu a cantidade de 6.895,85 euros e a diferenza terá que ser achegada polo concello por un importe de 2.955,37 euros.

O día 24 de setembro foron enviadas vía correo electrónico as invitacións ás empresas seguintes:

José Manuel Ruso Bello  
Comercial Sánchez  
Agrícola Salgueiro, SL

O día 29 de setembro, recíbese pola mesma vía o presuposto da empresa, Comercial Sánchez por importe de 9.851,22 euros. As características técnicas da máquina son as estipuladas na memoria valorada enviada á consellería e no escrito remitido ás empresas.

As outras dúas empresas non presentan ningún presuposto nin comunican nada ó respecto.

Polo tanto, e tendo unha única oferta a Xunta de Goberno acorda:

1 Aceptar o presuposto presentado pola empresa Comercial Sánchez polo importe de 9.851,22 euros

2 Comunicar a Comercial Sánchez que se acepta a súa oferta e que fagan entrega da maquinaria coa correspondente factura polo importe do presupostado. Tamén se asinará a acta de recepción coa correspondente garantía da maquinaria.

3 Dar de alta no inventario de bens o subministro adquirido.

### **11.Liquidación achegas 2013 e estimación 2014 do transporte metropolitano**

O día 3 de setembro de 2014, co número de entrada 14/1616, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de Mobilidade, remite escrito solicitando a liquidación da achega de 2013 e a estimación da achega do ano 2014 do transporte metropolitano, por importe total de 10.955,15 €.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

- 1- Aprobar o importe total de 10.955,15 € en concepto de achega ao transporte metropolitano 2014 e diferenza da achega 2013.
- 2- Proceder co seu aboamento e dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Mobilidade, Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas.

### **12. Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria .

A secretaria – interventora

Visto e prace  
O alcalde